

Lei 3/1989, do 20 de abril, de reforma da Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños.

Última versión

Modificacións

- Lei 6/1991, do 15 de maio.
Derogada pola disposición derogatoria primeira.

A Lei de Galicia 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños, estableceu unha gradación de sancións pecuniarias para aplicar ás infraccións administrativas nas distintas materias, segundo fosen leves, graves ou moi graves.

A tres anos vista da promulgación da devandita Lei, cómpre a súa reforma puntual co fin de axeita- la contía das sancións á situación actual e á importancia económica real das extraccións e transaccións pesqueiras, marisqueiras e de cultivos mariños.

De acordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo, no nome de El-Rei, a Lei de reforma da Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños.

Artigo único

Modifícanse os artigos 4, 5, 6, 7, 11 e 14 da Lei 5/1985, do 11 de xuño, que foi completada pola Lei 13/1985, do 2 de outubro, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños, e créase unha Disposición Adicional terceira, quedando o texto redactado do seguinte xeito:

Artigo 4

O apartado 2.b) quedará redactado nestes termos:

«b) A falta de sinalización visible da matrícula e do folio da embarcación e da sinalización e pertinente documentación nos establecementos de cultivos mariños.»

Artigo 5

Establecerase un novo apartado 2.u) co seguinte texto:



«u) Non respeta-los días de traballo regulamentariamente establecidos.

«x) Capturar en faenas de pesca e marisqueo máis cantidade do tope regulamentariamente establecido.»

Artigo 6

Establecerase un novo apartado h) co seguinte texto:

«h) Instalación de establecementos de cultivos mariños sen contar coa debida concesión ou autorización administrativa.»

Artigo 7

O primeiro parágrafo quedará redactado do seguinte xeito:

«As infraccións leves serán sancionadas con multas de 15.000 ata 100.000 pesetas, as graves de 100.000 ata 1.000.000 de pesetas e as moi graves de 1.000.000 ata 10.000.000 de pesetas.»

Artigo 11

O punto 4 quedará redactado do modo seguinte:

«O pechamento do establecemento, polo prazo e na forma que regulamentariamente se determine.»

Artigo 14

Intercalarase no mesmo, despois de «se puidese impor» e antes de «Iniciado o expediente», o seguinte texto:

«No momento do descubrimento dunha posible infracción administrativa redactarase a oportuna acta circunstanciada de infracción e poderá procederse á aprehensión de toda aquela embarcación, vehículo, animal ou utensilio que se usou para a comisión da infracción.»

Disposición adicional terceira

«A contía económica, así como os mínimos e máximos das sancións previstas na presente Lei, poderanse actualizar na Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia.»

Disposición derradeira

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 1989



Fernando Ignacio González Laxe

Presidente

